

## “Optimización dos procesos de deshidratación de froitas e hortalizas mediante tecnoloxías renovables” Código: FEADER 2020/049A

**Entidades Participantes:** María José Tallón García (Trasdeza Natur), Ekinocio S.L y Centro Tecnolóxico da Carne (CETECA)

**Duración:** marzo 2020 a xuño 2022

**Financiamento:** Orzamento 61.595,40 € subvencionado ao 80% e financiada cun 75% con fondos FEADER, 22,5 % fondos propios da Xunta de Galicia e 2,5 % fondos do MAPA.

**Convocatoria:** RESOLUCIÓN do 30 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras da concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para o apoio de proxectos piloto para o desenvolvemento de novos produtos, prácticas, procesos e tecnoloxías no ámbito agroforestal, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2020 (DOG Núm. 30, 13 de febreiro de 2020).

O proxecto de innovación titulado “**Optimización dos procesos de deshidratación de froitas e hortalizas mediante tecnoloxías renovables**” está liderado pola empresaria e agricultora María José Tallón García, en representación da súa marca comercial TRASDEZA NATUR, contando co apoio da entidade de deseño e comunicación Ekinocio Comunicación S. C (EKINOCIO) con Centro Tecnolóxico da Carne (CETECA).

Esta iniciativa pretende mellorar o sistema de deshidratación de froitas e verduras dunha horta ecolóxica para prolongar a dispoñibilidade de varios dos seus produtos suxeitos á estacionalidade do cultivo, para a súa comercialización en seco, conservando a máxima calidade e seguridade alimentaria.

O estudo céntrase na optimización do proceso de secado de oito produtos a partires de tecnoloxías renovables, comprobando o efecto da deshidratación nun equipo alimentado con enerxía solar fotovoltaica a unha temperatura de traballo de 50 °c ± 5 % fronte a un secado en estufa con aire quente forzado, tanto en variedades locais coma en variedades comerciais. Trátase dun proxecto de tres anos de duración que se desenvolverán na zona de Silleda (Pontevedra).

A entidade Trasdeza Natur coordina o proxecto e encárgase das actividades de cultivo das hortalizas, deshidratado e envasado. A entidade Ekinocio realizará as tarefas de deseño tanto da presentación ao mercado dos produtos, coma da estratexia de comunicación, e o socio colaborador CETECA implicará os seus recursos propios para o estudo da calidade dos produtos sometidos a secado.

Este proxecto conta co apoio da Xunta de Galicia e do FEADER (Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural) mediante o programa de axudas para proxectos piloto para o desenvolvemento de novos produtos, prácticas, procesos e tecnoloxías no ámbito agroforestal.

